

Adaptación: **XOSÉ BALLESTEROS**

Ilustracións: **ROGER OLMOS**

Encadernado en cartón. 22x22 cm.

40 páxinas. Ilustracións en color.

Dispoñible en:


-Galego: "Tío Lobo"
Os Contos do Trasnó. ISBN 978-84-8464-041-7

-Castelán: "Tío Lobo"
Libros para Soñar. ISBN 978-84-8464-042-4

-Portugués: "Tío Lobo"
Livros para Sonhar. ISBN 978-972-8781-15-6

Prezo: 12 €

TÍO LOBO



...Vouche preparar unhas chulas que vas chupar os dedos.

Pero a nai lembrou que non tiña onde fretilas e díxolle axiña:

-Vai onda Tío Lobo e dílle que che preste unha tixola.

E a nena, que era moi larpeira, foi ata a casa de Tío Lobo e chamou á porta...

"Tío Lobo" é un conto popular con tradición en países europeos como Francia e Italia. Trátase dun texto politicamente incorrecto que introduce os primeiros lectores no mundo dos contos de medo. Unha historia para ser contada en alta voz (e en compañía).

As ilustracións destacan pola súa expresividade, con personaxes e escenas moi especiais, unha atrevida aposta estética, debedora da linguaxe cinematográfica. O humor está presente dende a primeira páxina, neste relato de final sorprendente...

"Tío Lobo" foi seleccionado pola Internationale Jugend Bibliothek de Munich (Alemaña) como un dos mellores libros editados en todo o mundo en 2001.

XOSÉ BALLESTEROS (Vigo, 1956)

Escritor, editor e especialista en literatura infantil. Traballa dende hai máis de 18 anos no sector editorial. Imparte obradoiros de escrita creativa para mestres, escolares e afeccionados á literatura. Publicou, entre outras obras, a novela "Talego", Premio García Barros de Novela 1993 (Editorial Xerais) e "Viaxe á morada dos deuses" (Desafío 8000, 1999). No eido da literatura infantil e xuvenil publicou a serie "Os Gordibolas" (Xerais, 1996) e adaptou varios contos populares, como "O coelliño branco" (Premio Nacional de Ilustración 1999), "O gato con botas", "Tío Lobo", "Poucapalla" ou "O frautista de Hamelin", publicados por KALANDRAKA.

ROGER OLMOS (Barcelona, 1975)

Graduado na Academia de Artes Aplicadas de Llotja/Avinyó. Comezou no mundo da ilustración realizando traballos científicos para libros de texto e revistas especializadas. Actualmente adícase á ilustración infantil. En 1999 foi seleccionado para o catálogo Bologna Children Illustration. "Tío Lobo" foi o seu primeiro álbum. Seguironlle "O cadro máis bonito do mundo" e "Concerto para animais", editados tamén por KALANDRAKA. Foi galardoado co Premio Lazarillo 2008.

- **Temática:** la mentira, el castigo
- **Edad recomanada:** desde 4 años
- **Aspectos destacables:** cuento tradicional; iniciación a los cuentos de miedo; ilustraciones: colorido, perspectivas, juego de tamaños, suspense

